Contextos Musicais: manual de uso para o alumnado
Isabel de la Puente Vaquero
20 de diciembre de 2017

Contextos Musicais

Manual de uso para o alumnado

O libro dixital *Contextos Musicais* é un recurso moi útil para a aprendizaxe autodidacta da música. Atópase premendo nesta URL: https://www.edu.xunta.gal/centros/iesmenendezpidal/aulavirtual2/mod/imscp/view.php?id=8198

1. Requisitos técnicos:

- Un ordenador personal con conexión a Internet e altofalantes.
- Ter instalado un navegador web.
- Ter instalado Adobe Reader para ler os arquivos .pdf (https://get.adobe.com/es/reader/)
- (Recomendable, non imprescindible) Ter instalado o editor de partituras MuseScore (https://musescore.org/gl)
- Frauta doce (escolar), teclado ou piano.

2. Cómo usar os recursos dixitais: partituras animadas ,karaokes, arquivos MP3 e .pdf:

No propio libro se especifican as instruccións para traballar correctamente as partituras. Ademáis, cada UDI presenta unha partitura para interpretar. O teu profesor/profesora debe repartir os papeis, así que cada alumno/a terá un instrumento que tocar, cunha melodía particular.

O primeiro paso é escoitar a peza no arquivo .mscz (MuseScore). Cada un debe seguir visual e auditivamente a voz do instrumento que debe tocar, (aparece indicado na marxe

esquerda dos pentagramas) e recitar (solfear) o nome das notas co ritmo axeitado. Repetir tantas veces como sexa necesario.

O segundo paso: na canle de YouTube *Contextos Musicais 2.0* hai como minimo dúas versións de cada canción a interpretar. Unha, "Partitura_animada_animated_score" presenta a canción con todas as voces, tamén aquí debes focalizar a túa atención no instrumento que tocas, escoitalo e seguilo visualmente. Trata de tocar á vez. Ensaia aparte sen o video. Repite ata que a melodía que tocas soe como a do video. Para facilitar, en cada UDI inclúo imaxes coas posición de frauta e teclas do piano.

O terceiro paso: na canle de YouTube *Contextos Musicais 2.0,* a versión "Karaoke" presenta a canción con todas as voces e a principal atenuada, para que toques á vez e "suplas" á voz principal, converténdote no solista que toca coa orquestra, co grupo rock ou cos sintetizadores, dependendo da UDI.

Algunhas UDI presentan arquivos MP3 con instruccións sobre a súa utilización. Debes seguilas e practicar a canción tal e como se explica na lección.

Cada UDI inclúe arquivos .pdf coa partitura da canción a interpretar. Recomendo que se descarguen e impriman para facilitar a comprensión e interpretación da música.